

Informe das enquisas propias do Máster en Estudos da literatura e da cultura (MELC)
2020-2021

O número de participantes nas enquisas de perfil ingreso, de satisfacción co máster e de satisfacción co TFM do curso 2020-2021, elaboradas polo MELC, foi moi escasa, respectivamente: 9, 1 e 1.

Nas enquisas de perfil de ingreso cada pregunta presenta varias respostas posibles das que a persoa enquisada pode marcar unha ou máis. Estes son os resultados:

- Que o motivou a facer o máster?:
 - Formación: 8
 - Acadar o meu obxectivo profesional: 6
 - Busca de emprego: 3
 - Porque ter un título de máster está ben valorado: 3
 - Promoción de emprego: 1
 - Outros: porque dá puntos nas oposicións: 1

Estes resultados implican que o MELC é percibido como un programa esencialmente formativo, aínda que tamén cunha forte vinculación laboral.

- Que aspecto influíu máis para elixir o Máster en Estudos da Literatura e da Cultura?
 - Por vocación: 7
 - Para mellorar coñecementos e destrezas: 5
 - O seu plan de estudos: 4
 - Pola súa orientación cara unha formación práctica: 2
 - Polo alto nivel do profesorado: 3
 - Por recomendación de outras persoas: 1
 - Pola calidade do ensino: 1

Estes resultados subliñan o carácter vocacional do estudantado do MELC e a súa procura dunha mellora da súa formación, dato xa apuntado no ítem anterior.

- Cantas horas de traballo global (asistencia a clase, estudo, consultas, lecturas etc.) ten pensado dedicarlle semanalmente aos estudos deste máster?
 - Menos de 20: 1
 - Entre 20 e 30: 3
 - Entre 30 e 40: 4
 - Máis de 40: 1

Sorprende que só o 55,55% das persoas enquisadas pense nunha dedicación a tempo completo (de 30 horas en adiante) aos seus estudos do MELC.

- Que desexa facer unha vez rematado os estudos de Máster?
 - Acceder ao mercado laboral: 4
 - Cursar outros estudos: 4
 - Realizar a tese de doutoramento: 4
 - Outros: preparar oposicións 1

Nestes resultados destaca a igualdade tanto das perspectivas de continuar a formación tras rematar o MELC como de acceder ao mercado laboral.

- Que agarda deste título universitario?
 - Coñecementos prácticos: 7
 - Formación teórica: 6
 - Razoamento crítico e compromiso ético: 5

Destaca a igualdade de expectativas nos diferentes aspectos formativos do MELC.

- Como valora a páxina web oficial do máster?
 - Correcta: 6
 - Datos non totalmente actualizados: 2
 - Pouco intuitiva: 1

Aínda que a valoración da web é positiva nun 66% dos casos, convén corrixila e continuar a melloralala.

- Como valora a información da/o coordinador/a?

Dos nove enquisados sete a consideran boa ou moi boa, mentres que dous indican que non acudiron nunca a falar co coordinador.

A única enquisa sobre a satisfacción global co MELC realizada é tamén globalmente negativa, de feito a persoa que a cubriu indica que no seu conxunto o programa non cumpriu as súas expectativas académicas e profesionais (ítem A.10) e que non recomendaría o máster (ítem 32). A enquisa, ademais, sinala que as prácticas son insuficientes e que non proporcionan saídas laborais, que a titorización do TFM foi insuficiente e que a coordinación entre o profesorado nas materias compartidas e mesmo os diferentes contidos impartidos son incoherentes. A persoa que realizou a enquisa probablemente confundiu o MELC cun máster directamente profesionalizante, aspecto que non se indica en ningún apartado da información presente na web.

A única enquisa de satisfacción co TFM recibida é globalmente negativa en todos os seus apartados, excepto no D (“Competencias desenvolvidas”), cuxos ítems son puntuados

todos coa máxima valoración (3, nun ámbito de 1 a 3). Esta circunstancia non deixa de ser paradoxal e, probablemente, é o resultado dunha moi mala relación persoal co/a titor/a do TFM da persoa que responde á enquisa (como se reflicte no ítem 11.b., “Globalmente estou satisfeito/a coa miña relación co/a titor/a”, valorado coa mínima puntuación).